

UNIVERSIDADE DE VIGO

Resolución do 7 de xaneiro de 2005 pola que se aproba a relación provisional de admitidos e excluídos ás probas selectivas para a provisión dunha praza de técnico superior de teledetección.

Por Resolución do 5 de novembro de 2004 (DOG do 23 de decembro) convocáronse probas selectivas para a provisión dunha praza de técnico superior de teledetección, vacante no cadro de persoal laboral desta universidade.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes e de conformidade co establecido no artigo 12 do Decreto 95/1991, do 20 de marzo (DOG do 25 de marzo), polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, e no artigo 20 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo (BOE do 10 de abril), esta reitoría

RESOLVEU:

Primeiro.-Declarar aprobada e facer pública a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos, con expresión da causa de exclusión, ás citadas probas. A lista completa de aspirantes figurará exposta no taboleiro de anuncios da reitoría (Campus das Lagoas-Marcosende, Vigo) e nos rexistros dos Campus de Ourense (unidade administrativa), Campus de Pontevedra (Facultade de Ciencias Sociais) e Vigo (r/ Oporto, nº 1).

Segundo.-De conformidade coa base 4.1 da Resolución do 5 de novembro de 2004, os aspirantes excluídos e os omitidos por non figurar na lista de admitidos nin na de excluídos, disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* para emendar os defectos que motivasen a súa exclusión ou omisión.

Os aspirantes que, dentro do prazo sinalado, non emenden a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídos na relación de admitidos, quedarán definitivamente excluídos da realización das probas.

Vigo, 7 de xaneiro de 2005.

Domingo Docampo Amoedo
Reitor da Universidade de Vigo

Resolución do 7 de xaneiro de 2005 pola que se aproba a relación provisional de admitidos e excluídos ás probas selectivas para a provisión dunha praza de técnico superior dos servizos xerais de investigación.

Por Resolución do 5 de novembro de 2004 (DOG do 23 de novembro) convocáronse probas selectivas para a provisión dunha praza de técnico superior dos servizos xerais de investigación, vacante no cadro de persoal laboral desta universidade.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes e de conformidade co establecido no artigo 12 do Decreto 95/1991, do 20 de marzo (DOG do 25 de marzo), polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da administración da Comunidade Autónoma de Galicia e no artigo 20 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo (BOE do 10 de abril), esta reitoría

RESOLVEU:

Primeiro.-Declarar aprobada e facer pública a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos, con expresión da causa de exclusión, ás citadas probas. A lista completa de aspirantes figurará exposta no taboleiro de anuncios da reitoría (Campus das Lagoas-Marcosende, Vigo) e nos rexistros dos Campus de Ourense (unidade administrativa), Campus de Pontevedra (Facultade de Ciencias Sociais) e Vigo (r/ Oporto, nº 1).

Segundo.-De conformidade coa base 4.1 da Resolución do 5 de novembro de 2004, os aspirantes excluídos e os omitidos por non figurar na lista de admitidos nin na de excluídos, disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* para emendar os defectos que motivasen a súa exclusión ou omisión.

Os aspirantes que, dentro do prazo sinalado, non emenden a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídos na relación de admitidos, quedarán definitivamente excluídos da realización das probas.

Vigo, 7 de xaneiro de 2005.

Domingo Docampo Amoedo
Reitor da Universidade de Vigo

**V. ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA****XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA
NÚMERO DEZ DA CORUÑA**

Edicto (455/2004 EB).

Enriqueta Roel Penas, secretaria do Xulgado de Primeira Instancia número dez da Coruña, dou fe que nos autos de tutela que se seguen neste xulgado co número 455/04, acordouse, por Resolución do 14-12-2004, a citación de Alberto Gómez Suárez mediante a publicación da seguinte cédula de citación:

En virtude do acordado polo maxistrado-xuíz de Primeira Instancia número dez da Coruña, e o seu partido, en resolución desta data, nos autos de proposta de tutela nº 455/04, que se seguen neste xulgado, acordouse citar a Alberto Gómez Suárez, actualmente en paradiro descoñecido, co fin de que o día 3 de febreiro de 2005 ás 10.00 horas compareza